

## Resumo dos resultados das enquisas de satisfacción realizadas en 2018.

As enquisas representan un dos mecanismos máis directos cos que conta o Parque para coñecer as necesidades dos seus clientes, para obter información sobre os cambios nas súas preferencias, as súas inquietudes e a súa opinión sobre a oferta de servizos de Tecnópole.

Polo tanto, o seu obxectivo é detectar os puntos críticos sinalados polas empresas clientas, emprender as accións correctivas que sexan necesarias e establecer servizos deseñados á súa medida para conseguir unha mellora continua e un maior grao de satisfacción.

As enquisas realízanse de forma presencial obténdose unha resposta do 100% por parte das empresas.

Nesta enquisa recóllense tres tipos de información:

### **1. Datos cuantitativos.**

Os máis relevantes obtidos foron os seguintes:

Facturación no ano 2017 : 245 M (no 2016 foron 230)

Empregados traballando na Tecnópole: 1432 (no 2016 foron 1384)

Porcentaxe de mulleres: 45%

Porcentaxe de persoal con titulación media ou superior: 84%

Idade media do persoal empregado: 37

O 32% das empresas enquisadas di ter introducido novos produtos e servizos

O 36% das empresas enquisadas comercializa os seus produtos no exterior.

### **2. Valoración dos servizos e actividades realizadas por PTG, S.A..**

As valoracións que alcanzaron puntuacións máis altas foron para o servizo de recepción e o trato e atención do persoal de Tecnópole. E só uns poucos servizos obtiveron unha puntuación máis inferior ao resto, que serían instalacións e locais, referíndose aos edificios Tecnópole I e II, e internet.

---

### 3. Suxestións de mellora e aspectos máis valorados.

Os aspectos máis valorados polas entidades instaladas no Parque seguen sendo a proximidade a empresas, a seguridade, instalacións, infraestruturas, a imaxe, a situación o persoal do parque.

Cando se lles pregunta directamente polos servizos que botan en falta na Tecnópole, hai un 55% dos enquisados que non responde, e entre as respostas que máis se repiten son as seguintes: mellora no mantemento e climatización no Tecnópole I, gardería infantil, ximnasio, mellora horario buses e servizo de limpeza das oficinas.

Na gráfica seguinte queda reflectido o nivel medio de satisfacción das empresas segundo as distintas situacións dentro do Parque sobre unha puntuación máxima de cinco.

